

En que consiste o proxecto?



O proxecto consiste en realizar enquisas a persoas que teñan ingresado no Servizo Galego de Saúde a causa dun ictus, ou ben aos seus familiares no seu nome. Preténdese xerar información útil para que outras persoas na súa mesma situación reciban a mellor atención posible.

Para que serve esta investigación?



Quérese mellorar o coñecemento dos problemas e obstáculos no acceso a recursos que atopa unha persoa despois dun ictus. A súa participación resulta moi valiosa, porque estará contribuíndo a construír solucións que axudan a reducir as secuelas do ictus e que mesmo poden salvar vidas.

Por que facer a enquisa?



Os datos de primeira man son fundamentais para crear un coñecemento de grande utilidade social. Compartindo a súa experiencia aporta información de enorme relevancia para os servizos sanitarios e sociais, que poderán facilitar o acceso e mellorar a calidade da atención que prestan.

Que se espera de vostede se participa?



Os cuestionarios son sinxelos pero requiren un momento de dedicación. Solicítaselle que cubra dúas enquisas en dous momentos distintos. A primeira cúbrese antes de recibir a alta hospitalaria, e a segunda cando pasen tres meses desde a súa saída do hospital. Facelo levaralle en torno a 15 minutos.

Que se lle vai preguntar?



Pídese algunha información referente a vostede. As preguntas son sobre coñecementos do ictus, sobre as súas propias necesidades e sobre o acceso que está a ter a recursos adecuados para a súa recuperación, ben sexa no Sistema de Saúde, ben nos Servizos Sociais.

Que se vai facer coa información?



Toda a información de carácter persoal que aporte será conservada nun ficheiro de acordo coa normativa de protección de datos. Os datos obtidos serán utilizados exclusivamente para a análise estatística e a obtención de conclusións acerca da atención ao ictus.

Quen impulsa este proxecto?



A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) co apoio da Fundación Roviralta e da Fundación Barrié, e conta coa colaboración da Sociedade Galega de Neuroloxía.



FEGADACE traballa pola mellora da calidade de vida e a defensa dos dereitos das persoas con Dano Cerebral Adquirido e das súas familias en Galicia. É unha entidade sen ánimo de lucro creada polas cinco asociacións galegas de DCA.



A **Fundación Roviralta** impulsa iniciativas para o desenvolvemento social, medicina e saúde, educación e ciencia; e outras actividades de carácter benéfico, docente ou mixto.



A **Fundación Barrié** persegue a mellora das condicións económicas e sociais de Galicia a través proxectos innovadores en educación, ciencia, acción social e patrimonio e cultura.



Sociedade
Galega de
Neuroloxía

A **Sociedade Galega de Neuroloxía** é unha organización científica sen ánimo de lucro dedicada a fomentar o avance do estudo das enfermidades neurolóxicas e do seu tratamento e prevención, desde os puntos de vista científico e social.

COÑECEMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN AO ICTUS



UN PROXECTO PARA MELLORAR A ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

